

Tras a arquitectura.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 27 Marzo 2013 19:54

camiñante que, paseánda pola ribeira do Limia, podería caer na tentación de citar o *Castelo de Santiago da Barra* e a ponte

Eiffel

como os seus límites

urbanos a poñente e levante. En todo caso, medie ou non tentación, a metade de camiño entre os mencionados fitos, hectómetro máis ou menos, sitúase a

Praça da Liberdade,

poñéndolle punto final á

Avda. dos Convatentes da Grande Guerra

, ese gran tallo que parte en dúas a cidade, e custodiándoa un cuarteto que en realidade é unha simbólica tríade; nela, o noso máximo obxectivo.

A arquitectura contemporánea portuguesa inicia a súa gran difusión coa aparición do que se denominou "Escola do Porto", un xeito particular de entender a disciplina por parte de profesionais aglutinados nesta cidade que tivo gran eco internacional. O iniciador foi Fernando Távora, os máximos representantes: Álvaro Siza e Eduardo Souto de Moura. Nesta mesma orde, cada un foi mestre do seguinte; os tres, amigos entre si ata que Fernando desertou da vida. Álvaro e Eduardo recibiron o *Pritzker*; Siza Vieira é un xenio.

De Fernando Távora existe no lugar sinalado un elegante e moi contido edificio multiúsos, que en superficie se mostra a través de dous volumes paralelos e independentes. A poñente, en estado moi avanzado de construción, levántase o único proxecto de Souto de Moura, un centro cultural, que ensina desinhibidamente as tripas, algo insólito no seu traballo. A levante, a Biblioteca Pública, de Siza, un exercicio admirable. Este edificio, aínda só, xustifica sobradamente a visita.

O mestre de *Matosinhos* utilizando a súa habitual poética proxectual concibe unha peza que se ata delicadamente ao lugar de implantación e, ao tempo, remarca o carácter público mediante a incorporación dun persoalísimo pórtico/adro; este, ademais de funcionar como espazo de transición entre exterior e interior, facilita a conexión visual cidade-río. O edificio, rematado ao exterior integramente en formigón branco, púsase no chan a través dun zócolo granítico de primorosa estereotomía. Pero a arquitectura para gozala hai que entrar nela, que non para outra cousa se crea.

No interior volve xurdir toda a gramática deste arquitecto único; as súas invariantes e preocupacións: o tratamento da luz natural e artificial, a orientación das pezas, o control solar, a escala, a xeometría, a idea de espazo tallado, o encadre e a sublimación da paisaxe, o

Tras a arquitectura.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 27 Marzo 2013 19:54

respecto pola sinxeleza, a actitude crítica, a idea de confort, o respecto ao material, o detalle construtivo, a busca do axeitado ambiente interior,... Estas e outras cuestións están tratadas ao máis alto nivel no edificio, pero fanse especialmente patentes nas salas de lectura dispostas flotando perimetralmente ao baleiro do pórtico de acceso da planta baixa. Unha visita que haberá de facerse, nunca debe ser doutro xeito, de acordo ao uso establecido no edificio, coa calma e tempo preciso, dándose o necesario para reparar en calidades e, se cadra, descubrir curiosidades; como a localización da sinatura do propio arquitecto en parrulos de cadeiras e mesas, que igual que o resto do mobiliario do edificio tamén é da súa autoría. Paseniño, a biblioteca non fecha ao mediodía.

Así o vin hai anos, volvíno sentir tempo máis tarde e lémbroo hoxe. Así o conto, sen pretensión distinta á de que evocar as miñas percepcións poida servir para axudar a espertar outras. Por certo, se alguén ve desfalecer as forzas físicas e necesita remedio gastronómico faría ben en resistir a ampla e sobada oferta turística común e buscar remedio nos arredores da rúa *Prior do Crato* ;
non sairá defraudado.